

Libros para posobrigatoria



En pouco máis de 20 minutos, no medio dun cemiterio deserto, as lembranzas selectivas do amor de Sara e de Lucía eríxense na particular despedida que lle tributan a Ismael, un nacionalista anónimo.

Gañadora do XVI Premio de Narrativa Curta Ánxel Fole, esta obra baséase na idea de que vivir é camiñar por unha corda frouxa, de que na vida apenas hai certezas e que, mesmo estas, poden esvaecerse en calquera momento.



2 de Abril Día Internacional do Libro Infantil

Baixo o lema "Moitas culturas, unha historia", a escritora Marwa Obaid Rashid al Agroubi é a autora deste texto que conmemora do Día Internacional do Libro Infantil 2015:

Falamos diferentes linguas e vimos de diferentes orixes, mais compartimos as mesmas historias.

Historias internacionais... historias tradicionais.

É a mesma historia que se nos conta a todos

En diferentes voces

En diferentes cores

Pero permanece inmutable...

Comezo...

Argumento...

E fin...

É a mesma historia que todos sabemos e amamos

Todos a escoitamos

En diferentes versión de diferentes voces

Mais sempre é a mesma

Hai un héroe... unha princesa... e un vilán

Non importa a súa lingua, nin os seus nomes, nin as súas caras

É sempre o mesmo comezo

Argumento

E fin

Sempre ese héroe... esa princesa e ese vilán inmutables durante séculos

Acompañánnos

Murmúranos nos nosos soños

Arrólánnos para durmir


As súas voces marcharon hai tempo

Pero viven nos nosos corazóns para sempre

Pois únenos nun mundo de misterio e imaxinación

Para que todas as culturas se fundan nunha única historia

Primavera máxica no IES Terra de Soneira



Literatura Fantástica

No IES Terra de Soneira gústanos moito a literatura fantástica e por iso propoñémonos engaiolar ao noso alumnado da ESO coas mellores propostas na nosa lingua para esta primavera que comeza. Esperamos que vos gusten!!


**Equipo de Normalización Lingüística e
Biblioteca
IES Terra de Soneira
Vimianzo**

Libros para o 1º ciclo da ESO




Laura, unha rapaza de doce anos, está hospitalizada. Un día chega Mistre, unha nena etíope de oito anos, que compartirá con ela o cuarto. Para facerlle a estada máis levadeira, Laura cóntalle á súa nova amiga unha historia extraordinaria, con dúas protagonistas moi especiais, Aulea e Mistera, que farán unha longa viaxe para resolver o misterio dos dragóns desaparecidos.


Polo día, Enrico Müller vende cintos de seguridade; pola noite, é cazador de criaturas estrañas, sobre todo dragóns.




Libros para o 2º ciclo da ESO



Despois de *Bagoa de Lúa*, chega *Feitizo de sangue*, o 2º volume d' *As crónicas de Landereina*. Sabela González crea un mundo ameazado polo poder da maxia escura.



Reedición na colección Fóra de Xogo di *O pequeno mago* (2003), onde Roque Cameselle recupera ao meigo de Tui Bieito Dubidoso e á súa inseparable amiga Destreza para un público adolescente.



Despois de *O ladrón de soños* e *Un faro na escuridade*, chega o 3º volume das aventuras de Basilius Hoffman: *A batalla por Avalon*. ¿Conseguirán o profesor Hoffman e o seu sobriño Peter salvar a illa da escuridade?